


BOLETÍN INFORMATIVO


DATOS XERAIS DA REDE DE VARAMENTOS DE GALICIA EN 2023

Ao longo deste ano rexistráronse en Galicia 592 cetáceos, 12 lobos mariños, 25 tartarugas, 30 quenllas e 10 lontras.



Xibarte en Ferrol

En total, **669 animais**, o que supón un novo valor anual máximo nos 34 anos de funcionamento da rede. 2,8 veces maior que a media dos últimos 30 anos, 2,4 veces maior que a media dos últimos 20.




Caldeirón común en Carnota



Cachorro de golfinho común en Carnota



Momo adulto en Ferrol




A distribución xeográfica dos varamentos segue o patrón habitual da nosa costa, a maior parte deles rexístranse na costa suroeste, entre A Guarda e Fisterra (64,5%).

ANO DE TARTARUGAS

Este foi o ano con maior número de tartarugas (*Caretta caretta* e *Dermochelys coriacea*) rexistradas despois do 2003 (ano post-Prestige).



Tartaruga en recuperación




10 delas estiveron ou están ingresadas na segunda fase de recuperación nas piscinas que nos cede o IGafa (Consellería do Mar), polo que temos que agradecer ao personal, profesorado e alumnado do centro todo o seu esforzo e colaboración.

Grazas á posta en marcha dos proxectos de reforzo de redes de varamentos en toda España a través da Fundación Biodiversidad estableceuse unha coordinación que nos facilitou a posibilidade de marcar tres dos exemplares liberados, nun proxecto coordinado por Arca del Mar do Oceanográfico Valencia, co satélite financiado coa licitación da Fundación Biodiversidad.



Tartaruga co dispositivo colocado no caparazón




TEREMOS QUE DEIXAR DE FALAR DE ESTACIONALIDADE DOS VARAMENTOS?

En Galicia sempre se apreciou unha estacionalidade dos varamentos, marcada sobre todo polas condicións meteorolóxicas dos meses de inverno e os ventos do SW, con picos de rexistros en

xaneiro ou marzo. Pero nos últimos anos estamos observando un aumento dos rexistros sobre todo no verán, cunha frecuencia mensual máis homoxénea excepto en primavera.



Golfinho común en O Grove



Varamentos en cada mes durante 2023



42,3%

dos cetáceos que apareceron en bo estado para ser valorados morreron por captura accidental

PLÁSTICOS E FAUNA MARIÑA

Este parece ser outro apartado fixo á hora de facer un resumo do ano.

Destacamos o caso dunha femia adulta de cifio común que varou viva en Coruña e morreu case inmediatamente. Ao examinala atopáronse plásticos nas cavidades do estómago e no intestino, sendo a máis grande unha peza de 260 cm.



Envoltorio de fideos instantáneos

Podedes ver a disección do estómago neste video:

<https://www.youtube.com/watch?v=C6zHig2-xmg>

GOLFIÑO DE FLANCOS BRANCOS

Apareceu en Fisterra un golfiño de flancos brancos (*Lagenorhynchus acutus*), unha especie do Atlántico norte e moi rara en Galicia. O último individuo desta

especie aquí fora rexistrado en 2004.

No debuxo de TOKIO podedes apreciar mellor a súa coloración




PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS

Ao longo deste ano publicáronse catro artigos científicos a partir dos datos e mostras recollidos pola rede de varamentos de Galicia. Un sobre a quenlla *Odontaspis ferox* (individuo do que vos falamos no número anterior deste boletín), outro sobre captura accidental da toniña en Portugal e Galicia, outro sobre a anatomía histolóxica dos folículos faciais do cachalote pequeno, e outro sobre xenética do cachalote no Mediterráneo e área atlántica adxacente.



Ademais, no congreso da European Cetacean Society celebrado en abril en O Grove (Pontevedra) presentáronse 17 comunicacións relacionadas con varamentos.



Se tedes interese en calquera destas cousas, lembrade que podeades velas en www.cemma.org/publicacions_gal.htm



XORNADAS FORMATIVAS E OBRADOIROS

Ao longo do ano desenvolvéronse distintas xornadas e talleres, con participación pública ou en centros de ensino.

Normalmente impártese unha parte teórica para saber cómo proceder en caso de ter que atender un varamento, e posteriormente unha parte práctica coa utilización de maquetas dos animais a escala real e material utilizado no traballo de asistencia habitual



Tamén obradoiros prácticos sobre avaliación de plásticos no medio mariño, distintos seminarios vía web e unha práctica de necropsia presencial.

HIMNO DA TONIÑA

Dentro das diferentes actividades de concienciación que se desenvolven sobre as distintas especies, por motivos obvios a toniña centra gran parte dos nosos esforzos. Este himno creouse como contribución da cultura popular mariñeira á divulgación da conservación da especie mediante a adaptación da cantiga popular “Sopra vento do norte”.




Podedes velo en:

<https://www.youtube.com/watch?v=hzh7MxdG8LQ>

ADEUS A UN VELLO COÑECIDO

En outubro pareceu morto na Illa de Arousa o arroaz "Illas", un macho ao que coñecemos en 2003.

Nestes anos víramolo nas tres rías do sur, pero estes últimos anos só na de Arousa.




BALEAS

Este ano apareceron 6 baleas alibrancas, 3 baleas comúns, 1 xibarte e 1 individuo que non foi identificado.



Balea alibranca en Sanxenxo



Cachorro de balea común en Vigo

ANATOMÍA DE CETÁCEOS

A	O	R	T	B	S	C	A	B	E	G	H	E	A
E	C	B	S	L	Q	B	T	N	E	D	M	O	P
M	E	L	O	N	M	A	L	I	U	L	X	B	E
P	R	O	H	S	Z	E	G	B	E	O	I	A	Z
O	E	B	F	L	O	I	U	F	B	V	P	U	C
Q	B	X	I	E	A	D	R	E	N	A	L	I	O
E	R	F	A	T	E	L	A	M	O	R	Q	Ñ	R
Z	O	H	Q	U	E	I	X	G	Q	I	T	V	A
I	P	A	I	O	A	R	Ñ	U	V	O	F	H	Z
F	A	E	N	Z	N	O	M	L	U	P	U	P	O
O	U	I	B	Q	T	P	G	I	E	S	I	B	N
W	T	B	A	Z	O	L	U	O	Q	A	X	U	R
A	L	E	B	X	A	N	I	T	E	R	O	S	A

Busca 9 verbas relacionadas coa anatomía dos cetáceos.

adrenal, aleta, bazo, cerebro, corazón, melón, ovario, pulmón, retina

ADEMAIS DOS VARAMENTOS ...

A atención a varamentos, a rehabilitación dos animais que o necesiten, e todo o que conleva tamén de divulgación do proxecto REVARGAL, é só unha parte do noso traballo.



Tamén levamos a cabo **estudos poboacionais**, saídas en **barco**, seguemento **dende costa**, estudos de **fotoidentificación**, ... Por favor, visita a nosa web ou séguenos en redes sociais, e non dubides en contactar con nós para o que queiras preguntarnos, no que queiras participar, ou asociarte. Abaixo tes todos os datos de contacto.

Este boletín publícase no ámbito do proxecto REVARGAL, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e co apoio da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

CEMMA

Rúa Ceán, nº2. 36350 NIGRÁN (Pontevedra)

Tif. 686 98 90 08 / 986 36 61 49

<http://www.cemma.org>

E-mail: cemmaorganizacion@gmail.com

<https://www.facebook.com/cemmacetaceos/>

<https://www.instagram.com/cemmacetaceos/>

<https://twitter.com/cemmacetaceos>

<https://www.youtube.com/cemmacetaceos>



REDE DE VARAMENTOS DE GALICIA

Co apoio de:



GOBIERNO DE ESPAÑA
INICIATIVA CUARTA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOCRÁTICO



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



XUNTA
DE GALICIA

